

## Ficha documental da epistola de Silvio Santiago, a Manuel Casado do 14/12/1961

**Data:** 14/12/1961

**De:**

Silvio Santiago;

**Para:**

Manuel Casado;

**Orixe:**

Barcelona (local), Barcelona (provincial), Cataluña (de comunidade autónoma)

**Destino:**

Caracas (de distrito capital), Venezuela (nacional), América (continental)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada]

**Mencionados:**

Concha Castroviejo; Martin Heidegger; Vicente Risco;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

---

## **Transcripción da epistola de Silvio Santiago, a Manuel Casado do 14/12/1961**

14/12/61

Sr. D. Manuel Casado Nieto

Barcelona

Querido Manolo:

Sabía da tua versión ó galego de algunhas partes da Biblia. Millor dito, ouvín falar, ou cecáis vin nalgún periódico algo sobor do asunto; pero desconocía os intrínquiles íntimos da edición. De tódolos xeitos, penso que levar do latín ó galego un libro tan universal categorizaría a nosa lingoa; penso, tamén, que non foi outro o criterio de Galaxia ó traducir e imprimir unha conferencia de Heidegger –«Da esencia da verdade»– da que non percibín unha palabra. Por elo, entendo que non debes abandonar o propósito. Sería unha pena. ¿Autorízame a meterme nesa custión? Os de Galaxia son boa xente –do millor de Galicia– e coido que debe de haber un malentendido entre vos.

Hoxe mesmo mándoche certificados dous exemplares do meu libro. Galaxia acostuma a facer dúas edicións. Unha máis rumbosa que a outra. Dos exemplares que recibas, o máis «rumboso» e pra vos. O outro, o máis probe –inda que a mín me gusta tanto–, vai destinado a calquer crítico galego amigo teu, por si atopa nél materia de comentario e queira comentalo. Neste caso, si algo aparece, mándamo pra miña colleita ou recolleita de comentarios.

Por eiquí, siguen aparecendo críticas, e con rara unanimidade, todas eloxiosas. Podes creerme que estou aparvado. Eu penséi que o raio do libro non ía a merecer a atención de ninguén. Nin polo meu nome, nin polo nome do libro, e menos aínda polo seu contido. Incluso, en Informacións de Madrí, Concha Castroviejo falou dél, i outro periodista do Alcázar, tamén. Os periódicos de Galicia, todos. Na Rexión, de Ourense, foi Don Vicente Risco quen o comentou. No mesmo periódico, saíu hai tres días unha nova crítica de S. A., que non sei quen pode ser. Parece un libro embruxado; engatusa a toda cras de lectores: cultos e incultos, ricos e probes, homes e mulleres. Sinto vergonza en falarche esto; pero é así. ¡Con decirche que a mín tamén me está gustando!..

¡Home, convén que che diga que, apesares do éisito, non penses que en Galicia non se fala doutra cousa! Tamén se fala de Luis Suárez, de Katanga, da carestía da vida e de algunha custión máis. Pero, en fin, está dando que falar o seu entre a «imensa minoría» de lectores galegos. I abonda e sobra co dito; porque estou a falar con tal descaro e impudor, que estou gabando a un amigo e non a mín mesmo.

A miña muller e máis eu celebramos, inda que tarde, o acontecemento da vosa nena. Non ten nada de estrano que seia bonita: a tua muller é fermosa e tú non eres moi feio.

Teño ganas de vos ver. ¿Cando será? Pensamos, pró ano que ven, dar unha volta por Venezuela; pero, denantes, quixera rematar unha novela ou cousa así, tamén en galego, que traio xa ben adiantada. É probábel que se chame «Historia dun home que pode ser outro». Unha novela serea, emocioante, máis ben dramática. O menos, que sea así, é o que eu penso.

Saúdos de todos nós pra vos todos. E pra tí, unha forte aperta.

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.